

INTERVENCIÓN

LVP/slb

Refª: ispac1361240028749884509.doc

Asunto: Decreto aprobación TC 14/2025 Auditoría Intervención

DECRETO

EXCMO. SR. DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, ALCALDE PRESIDENTE DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO

ASUNTO: APROBACIÓN DE MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA MEDIANTE A MODALIDADE DE TRANSFERENCIA DE CRÉDITO (TC 14/2025) PARA DAR COBERTURA ÁS OBRIGAS DE CARÁCTER ECONOMICO DERIVADAS DA CONTRATACIÓN DE SERVIZOS DE COLABORACIÓN COA INTERVENCIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE LUGO NAS ACTUACIÓNS DE AUDITORÍA PÚBLICA E DE CONTROL FINANCEIRO DE SUBVENCIÓNS E OUTROS TRABALLOS DE COLABORACIÓN INCLUÍDOS NOS PLANS ANUAIS DE CONTROL FINANCEIRO, CUN VALOR ESTIMADO DO CONTRATO (ESTIMANDO UN MÁXIMO DE 4 AUDITORÍAS ANUAIS).

Visto o expediente tramitado para modificar créditos mediante a modalidade de transferencia de crédito núm.: 14/2025, por un importe total de 1.790,21 €, dentro do vixente orzamento do exercicio 2025, para dar cobertura ás obrigas de carácter económico derivadas da "CONTRATACIÓN DE SERVIZOS DE COLABORACIÓN COA INTERVENCIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE LUGO NAS ACTUACIÓNS DE AUDITORÍA PÚBLICA E DE CONTROL FINANCEIRO DE SUBVENCIÓNS E OUTROS TRABALLOS DE COLABORACIÓN INCLUÍDOS NOS PLANS ANUAIS DE CONTROL FINANCEIRO, CUN VALOR ESTIMADO DO CONTRATO (ESTIMANDO UN MÁXIMO DE 4 AUDITORÍAS ANUAIS)", que ascende a 10.401,60 €.

Tendo en conta a inexistencia de crédito adecuado e suficiente no Orzamento Xeral municipal para o exercicio 2025 para dar cobertura ao mencionado gasto, segundo informa a Sra. Tesoureira municipal o 16.05.2025, así como a dispoñibilidade orzamentaria das aplicacións orzamentarias que ceden crédito, sinaladas a continuación, segundo se acredita nos estados de execución orzamentaria. Tal dispoñibilidade ven determinada pola existencia dunha praza vacante no Servizo de Intervención (posto RPT 61/32/1 auxiliar administrativo), minorando os custes salariais (soldo, complemento de destino e complemento específico) correspondentes a un mes.

Tendo en conta, como se sinala no informe de intervención, que a orixe desta situación foi o atraso no remate das actuacións de auditoría do exercicio 2024 incluídas no Plan Anual de Control Financeiro, que se estenderon ata xaneiro de 2025 e foron facturadas nesta anualidade.

Vistos igualmente os documentos e informes que constan no expediente tramitado para o efecto, o informe da Intervención Xeral Municipal: 790/2025 así como os RCMOD Ref.: 34954/2025, RCMOD Ref.: 34955/2025 e RCMOD Ref.: 34956/2025, por importe total de 1.790,21 € do 27.05.2025.

En virtude do disposto nos artigos 179 a 181 do Real decreto legislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo cal apróbase o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais; artigos 40 a 45 do Real decreto 500/1990 de 20 de abril, Regulamento orzamentario; as Bases de execución do orzamento vixente e sobre a base das atribucións conferidas a esta Alcaldía, en virtude do disposto no artigo 124.4 g) e ñ), da lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e demais normativa, RESOLVO:

PRIMEIRO. Aprobar o actual expediente de modificación TC 14/2025 por importe de 1.790,21 €, para dar cobertura ás obrigas sinaladas na parte expositiva do presente decreto:

INTERVENCIÓN

LVP/slb

Refª: ispac1361240028749884509.doc

Asunto: Decreto aprobación TC 14/2025 Auditoría Intervencion

<u>APLICACIONES ORZAMENTARIAS QUE CEDEN CRÉDITO</u>	<u>IMPORTE €</u>	<u>APLICACIONES ORZAMENTARIAS QUE INCREMENTAN CRÉDITO</u>	<u>IMPORTE €</u>
93100.12004 93100.12100 93100.12101	734,90 € 429,15 € 626,16 €	93100.22799	1.790,21 €
TOTAL CRÉDITO CEDIDO	1.790,21 €	TOTAL INCREMENTO DE CRÉDITO	1.790,21 €

SEGUNDO: Sendo o expediente que se aproba firme e executivo sen máis trámites, polo que se deberán introducir na Contabilidade da Corporación os axustes derivados do mesmo.

Cúmprase.